



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS E O CONCELLO DE CERDEDO-COTOBADE PARA OS TRABALLOS DE REDACCIÓN DE PROXECTO E XESTIÓN DE EXPEDIENTES DE EXPROPIACIÓN DO ACONDICIONAMENTO DA ESTRADA CERDEDO - CAROI

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O director da Axencia Galega de Infraestructuras, **DECLARA:**

Que a Axencia Galega de Infraestructuras ten previsto formalizar co Concello de Cerdedo-Cotobade o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a súa sinatura ata o 31.12.2020.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

O establecemento das condicións que rexerán a colaboración entre a Axencia Galega de Infraestructuras e o Concello de Cerdedo-Cotobade para levar a cabo a redacción dun plan especial de infraestructuras e dotacións como instrumento urbanístico que permitirá, nun futuro o desenvolvemento do vial, a redacción do proxecto constructivo e a xestión das expropiacións necesarias. Ditas actuacións encádranse na fase previa á da execución das obras que permitirán, o acondicionamento do vial de titularidade municipal que une Cerdedo con Caroi, o cal xunto coa estrada provincial PO-2204 conformará un eixo vertebrador do concello que, acurtara e facilitara os desprazamentos entre as antigas cabeceiras municipais e, polo tanto, consolidara un funcionamento unificado do seu ámbito territorial.

A Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no artigo 19.4 a), establece que poderán concederse de forma directa as subvencións previstas nominativamente nos presupostos xerais da Comunidade Autónoma nos termos recollidos nos convenios e na normativa reguladora destas subvencións. Esta actuación no Concello de Cerdedo-Cotobade, atópase expresamente recollida no anteproxecto da lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2019, aprobado polo Consello da Xunta o día 18/10/2018.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.





Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

O Plan de Mobilidade e Ordenación Viaria Estratéxica, Plan MOVE, contempla como unha das súas liñas básicas a mellora das condicións de accesibilidade e da mobilidade das persoas.

O Plan de Seguridade Viaria de Galicia 2016-2020 ten como obxectivo estratéxico 2 a consecución de vías de tránsito e mobilidade máis seguras.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela, a 2 de novembro de 2018

